

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 7 DE XUÑO DE 2022

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día sete de xuño de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten, con escusa, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; e dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, dos borradores das actas da sesión ordinaria do día 31 de maio de 2022 e da sesión extraordinaria e urxente do día 1 de xuño de 2022

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria de data 31 de maio de 2022 e á sesión extraordinaria e urxente do día 1 de xuño de 2022 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron ás citadas sesións e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou os citados borradores.

2º. Boletíns e correspondencia

- Orde do 1 de xuño de 2022, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, de carácter plurianual e en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a concellos para a adquisición de vehículos alternativos, mediante o sistema de renting, con destino aos corpos de policía local, financiadas polo Fondo de Compensación Ambiental (código de procedemento PR483E). (Diario Oficial de Galicia número 107, do 6 de xuño de 2022).

- Resolución do 18 de maio de 2022, da Axencia Galega das industrias culturais, pola que se establecen as bases de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o programa Cultura no Camiño, cara ao fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia polos que discorren os diferentes camiños de Santiago, con motivo do Xacobeo 21-22, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento CT302B). (Diario Oficial de Galicia número 107, do 6 de xuño de 2022).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditas dende o día 27 de maio ao día 2 de xuño do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 969/2022 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Xuventude número 1012/2022, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
969/2022	27-05-2022	Recoñecemento extraxudicial 3/2022 - Aprobación de facturas Promociones Esga
970/2022	27-05-2022	Liquidación complementaria do IVE 1º trimestre do 2021
971/2022	27-05-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe de 6.310,77 €
972/2022	27-05-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 31 de maio de 2022
973/2022	27-05-2022	Reposición da legalidade urbanística pola ocupación de vía pública, sen título habilitante en edificio sito na rúa Constitución – O Temple. Propiedade: Alumisar, S.L.
974/2022	27-05-2022	Desistencia tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade de A.B.N.
975/2022	27-05-2022	Recoñecemento de obrigas correspondentes aos premios do XX Torneo de xadrez Agosto en Cambre 2021 e do II Torneo de xadrez Cambre Blitz 2021
976/2022	27-05-2022	Expediente de reposición da legalidade urbanística pola construción dun alpendre de bloques de formigón e unha soleira de formigón nunha parcela sita en San Lourenzo de Meixigo – Cambre, sen comunicación previa de obras. Propiedade: J.L.M.M.
977/2022	27-05-2022	Proposta de aprobación da acreditación do cumprimento de obrigas contraídas pola entidade colaboradora no convenio de promoción do fútbol 2020.
978/2022	27-05-2022	Expediente sancionador pola realización dunha talla en parcela sita no lugar de Mosteiro - Bribes, facendo uso do camiño público municipal 1C.1.0249, e posterior acopio na finca sen ter depositado o correspondente aval, carecendo de título habilitante municipal. Titular: F.A.S.M.
979/2022	27-05-2022	Concesión axuda de emerxencia social alimentación a M.L.J.P.O. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
980/2022	27-05-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a J.J.C.O. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
981/2022	27-05-2022	Concesión de axuda de emerxencia social recibo de auga a Y.C.C.F. por importe de 103,33 euros
982/2022	30-05-2022	Reposición da legalidade urbanística pola execución de obras en Aián - Sigrás, consistentes en demolicións no interior da edificación principal (acopio de entullos no interior da parcela coa existencia dun contedor para a súa xestión) e outros, sen título habilitante. Titular: N.C.F.
983/2022	30-05-2022	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de obrigas, así como o seu pagamento por importe total de 41.578,11 euros
984/2022	30-05-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 16.757,33 €



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

985/2022	30-05-2022	Celebración voda civil o día 21 de xuño de 2022 ás 12 h.
986/2022	30-05-2022	Desistencia tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade de V.V.B.
987/2022	30-05-2022	Concesión de axuda de emerxencia social de recibo de alugueiro a L.D.R.J. por importe de 350 euros
988/2022	30-05-2022	Denegación de axuda de emerxencia social para recibos de auga e luz a R.C.E.M. por existir avalista no contrato de alugueiro
989/2022	30-05-2022	Denegación axuda de emerxencia social de recibo de luz a M.M.I.J. por existir avalista no contrato de alugueiro
990/2022	30-05-2022	Denegación axuda emerxencia social a C.R.G. por superar o saldo medio de aforro máximo establecido na ordenanza
991/2022	30-05-2022	Denegación axuda emerxencia social alimentación a E.Y.R.L. por non estar xustificada a situación de necesidade
992/2022	30-05-2022	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de abril de 2022 e da produtividade do primeiro trimestre de 2022, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de maio de 2022.
993/2022	30-05-2022	Proposta de aprobación do padrón da taxa de caixeiros automáticos 2021
994/2022	31-05-2022	Nomeamento docente: Transversais Igualdade e BAE para SOLD TIG-AFD 2021-22
995/2022	31-05-2022	Resolución prórroga cesamento L.M.R. no posto de Intervención do Concello de Ponteceso .
996/2022	01-06-2022	Resolución de interposición recurso apelación contra a sentenza 83/2022
997/2022	01-06-2022	Denegación axuda emerxencia social alimentación a M.J.B.A. por esgotar o período máximo de concesión establecido na ordenanza
998/2022	01-06-2022	Concesión axuda emerxencia social odontoloxía a V.B.T. por importe de 285 euros
999/2022	01-06-2022	Denegación axuda emerxencia social alimentación a N.D. por non reunir o requisito de empadroamento
1000/2022	01-06-2022	Lista de admitidos do Programa Vente de Marcha; Ruta 153: Termas de Salvaterra do día 15 de maio de 2022
1001/2022	01-06-2022	Bases de selección de grupos teloneiros no Rock in Cambre 2022
1002/2022	01-06-2022	Levantamento do reparo formulado pola Intervención municipal aos contratos menores dos servizos de asistencia técnica para a redacción da "Documentación técnica necesaria para a solicitude de axudas do PIREP (programa de impulso á rehabilitación de edificios públicos da administración local). Liña 2.
1003/2022	01-06-2022	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 1 de xuño de 2022
1004/2022	01-06-2022	Autorización á dona M.O.S.L., en representación de Esquerda Unida, para ocupar un espazo público, diante do centro de saúde de Cambre, o día 2 de xuño de 2022, en horario de 19:30 a 20:30 horas, co obxecto de realizar unha campaña informativa relativa á Sanidade.
1005/2022	01-06-2022	Licencia de edificación para construción de vivenda en Nebrixe - Bribes promovida por F.L.M.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1006/2022	01-06-2022	Expediente de incorporación de remanentes 23/2022
1007/2022	01-06-2022	Aprobación das bases para a posta a disposición das cabanas castrexas durante a celebración da V romaría galaico romana "Galaicoi"
1008/2022	02-06-2022	Certame literario Xoán Díaz Concello de Cambre 2022
1009/2022	02-06-2022	Expediente sancionador por vertido de gasoil na rúa Rosalía de Castro. Infractor: A.G.E.
1010/2022	02-06-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentos a G.N.I.Z. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1011/2022	02-06-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a Y.C.C.F. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1012/2022	02-06-2022	Aprobación da oferta do programa Promoción deportiva de verán 2022, organizadas polo Concello de Cambre.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das seguintes propostas:

- Proposta para declarar deserto, por falta de licitadores, o expediente de contratación para adxudicación, por procedemento aberto simplificado, da obra "Reordenación da contorna do parque infantil r/ Francisco Rodríguez", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021
- Proposta para declarar deserto, por falta de licitadores, o expediente de contratación para adxudicación, por procedemento aberto simplificado, da obra "Reforma integral da praza Fernando Buesa", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal – POS+ Adicional 2/2021, por maior achega provincial (1ª fase)
- Proposta para declarar deserto, por falta de licitadores, o expediente de contratación para adxudicación, por procedemento aberto simplificado, da obra "Mellora da accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da Estrada Cambre-Temple e rúa Carballo", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021
- Proposta para declarar deserto, por falta de licitadores, o expediente de contratación para adxudicación, por procedemento aberto simplificado, da obra "Remodelación da parada de bus de r/Tapia. Cambre", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021

sendo aprobada a urxencia das propostas por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión.

A) Proposta para declarar deserto, por falta de licitadores, o expediente de contratación para adxudicación, por procedemento aberto simplificado, da obra "Reordenación da contorna do parque infantil r/ Francisco Rodríguez", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 3 de xuño de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 10 de maio de 2022, aprobou a incoación do expediente de contratación núm. 2021/C003/000004, para adxudicación, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), da obra "Reordenación da contorna do parque infantil r/Francisco Rodríguez", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, cun valor estimado de 57.687,94 euros e un orzamento base de licitación de 69.802,41 euros IVE incluído.

O anuncio de licitación do expediente foi publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público, onde se atopa aloxado o Perfil de Contratante do Concello de Cambre, o día 11 de maio de 2022, rematando o prazo para presentación de ofertas o día 31 de maio de 2022.

Vista a certificación expedida pola secretaria accidental da Corporación, co visto e prace da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, con data 1 de maio de 2022, na que se recolle que, unha vez finalizado o prazo de presentación das proposicións, non consta na Plataforma de Contratación do Estado a presentación electrónica de ningunha oferta.

Á vista do exposto, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar deserto, por falta de licitadores, o expediente de contratación núm. 2021/C003/000004, correspondente á obra "Reordenación da contorna do parque infantil r/Francisco Rodríguez", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, isto á vista do establecido no artigo 150.3 in fine, e concordantes, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Segundo: Publicar o presente acordo de declaración de deserto no Perfil de Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co establecido no artigo 63.3.e) da LCSP.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Proposta para declarar deserto, por falta de licitadores, o expediente de contratación para adxudicación, por procedemento aberto simplificado, da obra "Reforma integral da praza Fernando Buesa", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal – POS+ Adicional 2/2021, por maior achega provincial (1ª fase)

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 3 de xuño de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 10 de maio de 2022, aprobou a incoación do expediente de contratación núm. 2021/C003/000007, para adxudicación, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), da obra "Reforma integral da praza Fernando Buesa", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal - POS+ Adicional 2/2021, por maior achega provincial (1ª fase), cun valor estimado de 247.933,88 euros e un orzamento base de licitación de 300.000,00 euros IVE incluído.

O anuncio de licitación do expediente foi publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público, onde se atopa aloxado o Perfil de Contratante do Concello de Cambre, o día 11 de maio de 2022, rematando o prazo para presentación de ofertas o día 31 de maio de 2022.

Vista a certificación expedida pola secretaria accidental da Corporación, co visto e prace da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, con data 1 de maio de 2022, na que se recolle que, unha vez finalizado o prazo de presentación das proposicións, non consta na Plataforma de Contratación do Estado a presentación electrónica de ningunha oferta.

Á vista do exposto, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar deserto, por falta de licitadores, o expediente de contratación núm. 2021/C003/000007, correspondente á obra "Reforma integral da praza Fernando Buesa", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal - POS+ Adicional 2/2021, por maior achega provincial (1ª fase), isto á vista do establecido no artigo 150.3 in fine, e concordantes, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Segundo: Publicar o presente acordo de declaración de deserto no Perfil de Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co establecido no artigo 63.3.e) da LCSP.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Proposta para declarar deserto, por falta de licitadores, o expediente de contratación para adxudicación, por procedemento aberto simplificado, da obra "Mellora da accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da Estrada Cambre-Temple e rúa Carballo", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 3 de xuño de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 10 de maio de 2022, aprobou a incoación do expediente de contratación núm. 2022/C003/000002, para adxudicación, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), da obra "Mellora da accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da Estrada Cambre-Temple e rúa Carballo", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, cun valor estimado de 33.057,85 euros e un orzamento base de licitación de 40.000,00 euros IVE incluído.

O anuncio de licitación do expediente foi publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público, onde se atopa aloxado o Perfil de Contratante do Concello de Cambre, o día 11 de maio de 2022, rematando o prazo para presentación de ofertas o día 31 de maio de 2022.

Vista a certificación expedida pola secretaria accidental da Corporación, co visto e prace da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, con data 1 de maio de 2022, na que se recolle que, unha vez finalizado o prazo de presentación das proposicións, non consta na Plataforma de Contratación do Estado a

presentación electrónica de ningunha oferta.

Á vista do exposto, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar deserto, por falta de licitadores, o expediente de contratación núm. 2022/C003/000002, correspondente á obra "Mellora da accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da Estrada Cambre-Temple e rúa Carballo", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, isto á vista do establecido no artigo 150.3 in fine, e concordantes, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Segundo: Publicar o presente acordo de declaración de deserto no Perfil de Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co establecido no artigo 63.3.e) da LCSP.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

D) Proposta para declarar deserto, por falta de licitadores, o expediente de contratación para adxudicación, por procedemento aberto simplificado, da obra "Remodelación da parada de bus de r/Tapia. Cambre", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 3 de xuño de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 10 de maio de 2022, aprobou a incoación do expediente de contratación núm. 2022/C003/000003, para adxudicación, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), da obra "Remodelación da parada de bus de r/Tapia. Cambre", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, cun valor estimado de 29.518,95 euros e un orzamento base de licitación de 35.717,93euros IVE incluído.

O anuncio de licitación do expediente foi publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público, onde se atopa aloxado o Perfil de Contratante do Concello de Cambre, o día 11 de maio de 2022, rematando o prazo para presentación de ofertas o día 31 de maio de 2022.

Vista a certificación expedida pola secretaria accidental da Corporación, co visto e prace da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, con data 1 de maio de 2022, na que se recolle que, unha vez finalizado o prazo de presentación das proposicións, non consta na Plataforma de Contratación do Estado a presentación electrónica de ningunha oferta.

Á vista do exposto, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:



Primeiro: Declarar deserto, por falta de licitadores, o expediente de contratación núm. 2022/C003/000003, correspondente á obra "Remodelación da parada de bus de r/Tapia. Cambre", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, isto á vista do establecido no artigo 150.3 in fine, e concordantes, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Segundo: Publicar o presente acordo de declaración de deserto no Perfil de Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co establecido no artigo 63.3.e) da LCSP.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López